



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS E A ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA XXIV EDICIÓN DOS PREMIOS DO AUDIOVISUAL GALEGO MESTRE MATEO NO ANO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación Academia Galega do Audiovisual o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XXIV edición dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo que leva a cabo a Asociación Academia Galega do Audiovisual, convocatoria que recoñece e estimula o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia ao longo de 2025 nun total de 25 categorías divididas en dúas modalidades, categorías de produción e categorías profesionais, ademais do premio de honra Fernando Rey, distinción que premia a traxectoria profesional, e que ten o punto culminante na celebración da gala de entrega dos galardóns, que se celebra o 21 de marzo de 2026 na cidade de Lugo.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Os obxectivos da Agadic pretenden garantir a viabilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positiva. E un deses eixos de actuación do organismo é a promoción e organización de actividades no eido audiovisual, sector que a Agadic apoia non só coa convocatoria anual das axudas ao eido audiovisual en diferentes tipoloxías, senón, tamén, promovendo e apoiando diversas iniciativas que redundan significativamente na potenciación deste sector da cultura, sempre con medidas de acción que recoñezan a creación e a produción artísticas.

Dentro desas liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade ao sector, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior, a Agadic considera como un dos máximos expoñentes a convocatoria dos premios ao audiovisual Mestre Mateo, que son unha inmillorable plataforma de recoñecemento ao labor que veñen desenvolvendo os profesionais do sector en Galicia ao colocalos en primeira fila da industria audiovisual. Supoñen estes premios un abano de actividades que van máis alá do acto de celebración da gala ao artellarse arredor dun programa de eventos estratexicamente deseñados para maximizar o seu impacto





e xerar sinerxías co territorio onde se celebran. O acto de anuncio de finalistas, que marca o inicio oficial da edición e que xera gran expectación mediática; a xuntanza de finalistas, que se constitúe como un espazo de celebración para os profesionais finalistas; a propia gala, e a gran cobertura mediática dos premios, coa retransmisión da gala a través da Televisión de Galicia, converten este proxecto nun verdadeiro ámbito de proxección do traballo dos profesionais do sector audiovisual.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a Asociación Academia Galega do Audiovisual, e que ten o seu punto culminante e de maior proxección pública na organización dos premios Mestre Mateo, verdadeiro espello da realidade audiovisual galega, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción desta industria que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

O audiovisual galego está vivindo un momento doce, colleitando éxitos notables tanto a nivel nacional coma internacional e tendo unha magnífica acollida en festivais de prestixio e unha excelente resposta do público nas salas de exhibición, e co apoio da Axencia á organización destes premios reafirmase o compromiso público co desenvolvemento e fortalecemento do sector audiovisual galego. Ao recoñecer e premiar as producións galegas foméntase a creación de novas obras e impúlsase a proxección do talento galego, á vez que serven de inspiración para futuros profesionais.

O alto grao de representatividade da Asociación no sector audiovisual galego, ao sumar a preto de catrocentos profesionais; o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector audiovisual galego no seu conxunto ao integrar a profesionais e creadores e creadoras de todas as áreas ao ámbito audiovisual (produción, dirección, escrita, interpretación, arte, promoción, fotografía, música, son, posproducción); a promoción e defensa da imaxe pública do conxunto dos profesionais do sector audiovisual que leva a cabo atendendo ao estipulado nos seus estatutos, así como a facultade que lle outorgan os estatutos da entidade de premiar e galardoar a profesionais ou as obras audiovisuais máis destacadas no exercicio das súas actividades artísticas ou profesionais mediante a convocatoria anual dos "premios do audiovisual galego", gozando, así da exclusividade do outorgamento dos premios Mestre Mateo, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización do convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

